ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25 DE MARZO DE 2010

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e cinco de marzo de dous mil dez, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:
D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular (PP):
D.ª Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín
D. Miguel A. Naveira Campelo

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Non asisten:
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (grupo municipal de VB)

Así mesmo asisten:
A interventora municipal: D.ª Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria accidental: D.ª Aurelia M.ª Basanta García

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS: 28 DE XANEIRO E 13 DE FEBREIRO DE 2010.

2.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DE GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DE D. MIGUEL ÁNGEL NAVEIRA CAMPELO

3.- APROBACIÓN DO LISTADO DO PADRÓN ACTUALIZADO, A 31 DE DECEMBRO DE 2009 DOS USUARIOS/AS DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, DO SERVIZO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

4.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

5.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO 2009.

6.- DAR CONTA DO *"ESTUDIO INFORMATIVO EJE ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDAD, TRAMO: A CORUÑA-BETANZOS (A CORUÑA)".*

7.- ASUNTOS URXENTES

8.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

9.- ROGOS E PREGUNTAS**.**

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS: 28 DE XANEIRO E 13 DE FEBREIRO DE 2010.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 28 de xaneiro e 13 de febreiro de 2010. A Sra. alcaldesa pregunta se algún integrante da Corporación ten que formular algunha observación ás ditas actas; non se formulan, polo que se aproban por unanimidade.

2.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DE GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DE D. MIGUEL ÁNGEL NAVEIRA CAMPELO

O Pleno municipal, na sesión que tivo lugar o día 13 de febreiro de 2010, tomou coñecemento da renuncia como concelleiro do Partido Popular de D. José Eduardo Zapata Roel. Dita renuncia foi comunicada á Xunta Electoral Central, que, posteriormente, remitiu a este Concello a credencial pola que se designa novo concelleiro do citado grupo a D. Miguel Angel Naveira Campelo, quen presentou na Secretaría Xeral a documentación requirida previamente á toma de posesión do cargo, segundo o previsto nos arts. 75.7 da Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se regulan as Bases do Réxime Local e 30 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Seguidamente a Sra. alcaldesa procede a dar lectura á fórmula legal de xuramento ou promesa que establece o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, do seguinte teor literal:

Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado.

O Sr. Naveira Campelo contesta:
Sí, xuro pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Bergondo, con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado.

A Sra. alcaldesa dálle a benvida á Corporación.

O Sr. concelleiro pasa a ocupar o seu lugar no Salón de sesións, e continuase coa sesión.

3.- APROBACIÓN DO LISTADO DO PADRÓN ACTUALIZADO, A 31 DE DECEMBRO DE 2009 DOS USUARIOS/AS DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, DO SERVIZO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:
"A concesión administrativa da xestión dos servizos públicos de subministración de auga potable, de rede de saneamento e de depuración de augas residuais do Concello de Bergondo coa empresa AQUAGEST S.A., comezou a súa prestación o 1 de xullo de 2002.
A citada empresa presentou neste concello o listado do Padrón actualizado a 31 de decembro de 2009 dos usuarios deses servizos, con número de rexistro de entrada 467 do 26/01/2010, todo isto en cumprimento das cláusulas 21ª e 27ª do prego de cláusulas económico-administrativas da citada concesión.
Por todo isto ***proponse*** *a adopción do seguinte acordo:*
Primeiro: *Aprobar inicialmente o listado do Padrón actualizado a 31 de decembro de 2009 dos usuarios do servizos de subministración de auga potable, de rede de saneamento e de depuración de augas residuais, con número de rexistro de entrada neste concello 467 do 26/01/2010 e que comeza no folio número 2 con 2006 S.L., CONSMABE e remata no folio número 49 con ZOUZANXE OBRAS E PROXECTOS S.L. ámbolos dous inclusive.*
Segundo: *Que se expoña ó público no taboleiro de edictos deste concello e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan formular as reclamacións pertinentes. Faise constar que no caso de que non se presenten reclamacións entenderase aprobado definitivamente.*
Non obstante o Pleno decidirá o que estime máis conveniente.
Bergondo, 12 de marzo de 2010=A alcaldesa=Asdo. Alejandra Pérez Máquez"

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

4.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

"Unha vez que foi vista a necesidade de adecua-lo texto da ordenanza á realidade da prestación das actividades obxecto da presente ordenanza, no momento actual, así como a necesaria actualización nos prezos da mesma dado que a vixente entrou en vigor no ano 2001. Nos termos que establece nos seus artigos 15 e seguintes o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e tras ve-lo informe da interventora municipal e en consonancia coa documentación que integra o expediente, proponse ó Pleno da corporación que despois do exame do mesmo adopte o seguinte acordo:

***1º.-** Aprobar provisionalmente có quórum da maioría simple legal, a modificación da **Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades culturais, deportivas e educativas**, cuxo texto modificado queda como segue:*

"ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E EDUCATIVAS

Artigo primeiro.- Fundamento e natureza

Ao abeiro do previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), este concello establece o prezo público por actividades culturais, educativas e deportivas municipais, que se rexerá polo que dispón esta ordenanza.

Artigo segundo.- Concepto

Poderán ser usuarios de tales actividades culturais, educativas ou deportivas as persoas físicas que soliciten do servizo a súa participación nestas.

Artigo terceiro.- Obrigados ao pagamento

Son suxeitos obrigados ó pagamento as persoas físicas, que tendo solicitado a súa participación nas actividades culturais, educativas ou deportivas organizadas, sexan admitidas polo servizo correspondente.

Artigo cuarto.- Contía

1) O importe do prezo público será fixado nas tarifas seguintes referidas a importe por usuario:

Actividades culturais

PROXECTO	**NOME DAS ACTIVIDADES**	**PREZO PÚBLICO**
Proxecto 1, actividades manuais	Manualidades, encaixe de bolillos e ou labores, pintura e outras análogas	1,65 €/hora
Proxecto 2, actividades musicais	Introdución as actividades musicais, solfexo, guitarra e outras análogas	1,65 €/hora
Proxecto 3, actividades artesanais	Cestería, cerámica, tapicería, restauración e outras análogas	1,65 €/hora
Proxecto 4, actividades formativas	Luditarde, a hora do conto, animación á lectura, idiomas e outras análogas	1,65 €/hora
Proxecto 5, visitas de carácter cultural, xeográfico ou	Excursións para o coñecemento de diferentes lugares de interese etnográfico, xeográfico e cultural	*Con comida incluída: 18,00 €/h/día * Sen comida incluída:

etnográfico		10,00 €/h/día
Proxecto 6, campamentos	- Campamento urbán	5,00 €/día
	- Campamento verán	12,00 €/día

Actividades deportivas

PROXECTO	NOME DAS ACTIVIDADES	PREZO PÚBLICO
Proxecto 1, bergondo en forma	Ximnasias de mantemento nas parroquias, fitness, aeróbic, step, musculación, personal training, ximnasia para maiores e outras análogas	1,25 €/hora
Proxecto 2 promoción do deporte	Psicomotricidade, fútbol sa, tenis, introdución ós deportes de raqueta, baloncesto, judo, taekwondo, introdución aos deportes de combate, piragüísmo, actividades sobre patíns, patinaxe, defensa persoal, multideportes e outros análogos	1,85 €/hora
Proxecto 3, exercitando corpo e mente	Pilates, ioga, taichí e outros análogas	1,85 €/hora
Pxoxecto 4, danzando	Danza, baile, baile moderno, hip hop, bailes de salón e outras análogas	1,85 €/hora
Proxecto 5, liga municipal de fútbol sala e proxecto 6	Liga municipal de fútbol sala	325,00 €/tempada
Proxecto 7 actividades acuáticas en piscina climatizada	Natación rapaces, natación adultos, natación terceira idade	1,85 €/sesión
Proxecto 8, aventúrate	Multiaventura, rafting e outras análogas	12 €/día

Actividades culturais-educativas

Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo: 1,50 €/día.

2) Reducións:

a) As persoas que acrediten formar parte de familia numerosa: redución do 50 % do total da cota.

b) Colectivos que se consideren desfavorecidos, previo informe da área de Benestar Social: redución do 50% do total da cuota ou redución do 100 %, segundo se indique no informe.

c) As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso de menores de idade cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten, terán unha bonificación dun 50 %. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude copia do paro actualizada. Cando unha actividade teña unha duración maior a un trimestre, no pago de cada trimestre hai que acreditar dita situación do paro.

d) Voluntarios do Concello de Bergondo (persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais): redución do 50% do total da cuota.

En caso de ter dereito a máis dun desconto só se aplicará un deles, non sendo acumulables.

O Concello de Bergondo resérvase o dereito de programar cursos ou actividades de carácter gratuíto

Artigo 5.- Obriga de pagamento

1. *A obriga de pagamento do prezo público nace dende que se inicie a prestación da actividade. Se ben o Concello poderá esixir o depósito previo no momento da inscrición.*
2. *Se a actividade dura menos dun trimestre, o pagamento realizarase no modelo de autoliquidación correspondente, co ingreso na conta do concello e pagarase nunha soa vez antes de comezar a actividade.*
3. *Nas actividades que teñen unha duración maior a un trimestre, os pagos realizaranse trimestralmente, o primeiro trimestre realizarase mediante autoliquidación, e os restantes trimestres, realizaranse mediante domiciliación bancaria, e cargarase o importe do prezo público correspondente nos últimos 15 días do mes anterior ó de inicio do trimestre. Esta domiciliación terá carácter obrigatorio.*
4. *A baixa na actividade deberá ser solicitada polos interesados por escrito ante o rexistro municipal e causará efectos ao trimestre seguinte. Aplicarase o mesmo criterio ás altas nas actividades.*
5. *No caso de que por causas non imputables ao interesado, deixara de realizarse a actividade solicitada, procederase á devolución do prezo público.*
6. *No caso de que por causas non imputables ao interesado non poida asistir á actividade solicitada, procederase á devolución do prezo público previa solicitude e xustificación acreditativa.*

Artigo 6.- Normas de xestión: Pagamento

Unha vez que exista un número mínimo de persoas preinscritas, que faga posible e viable a realización de calquera actividade obxecto da presente ordenanza, os interesados en participar, deberán aportar para a súa inscrición definitiva a documentación esixida xunto co documento acreditativo do pago do prezo público correspondente, a presentación en prazo da citada documentación suporá a inscrición na actividade. As persoas empadroadas no Concello de Bergondo, terán preferencia no acceso as prazas existentes en cada actividade.

Por motivos organizativos e sempre por causas xustificadas, o Concello de Bergondo resérvase o dereito a anular algunha actividade.

Artigo 7: Outras obrigas

Os solicitantes das actividades deberán estar o corrente do pago das débedas contraídas co Concello de Bergondo.

Nos supostos en que a actividade a desenvolver, previa autorización, non se atope tarifada na presente ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías existentes, delégase na Xunta de Goberno Local, conforme o artigo 23.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril e o artigo 47 do TRLRFL, o establecemento da tarifa a proposta do servizo técnico, co previo informe da Intervención Municipal.

Artigo 8.- Infraccións e sancións

En todo o relativo ás infraccións tributarias e as súas distintas cualificacións, así como nas sancións que ás mesmas correspondan, en cada caso, aplicaranse as normas establecidas nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello, e publicado o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/1985, de 2 de abril.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A presente ordenanza derroga a aprobada polo Pleno o 27 de xullo de 2001 publicada no BOP número 183 do 10 de agosto de 2001."

2º.- *Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á*

publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.
3º.- *As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da ordenanza, sen que entre en vigor ata que transcorra o prazo de quince días hábiles establecido no artigo 65.2 da LBRL, en aplicación do artigo 70.2 do mesmo texto legal.*
O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.
Bergondo, 11 de marzo de 2010=A Alcaldesa =Asdo.: Alejandra Pérez Máquez"
Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: esta Ordenanza estaba sen actualizar dende o ano 2001; o que se fai é adaptar os prezos á realidade e as novas licitacións que se fixeron ultimamente. Basicamente son incrementos do IPC que se foron retrasando estes anos.
A Sra. voceira suplente de VB, M.ª Loreto Caseiras Arroyo, pregunta: ¿a licitación esta terminada?.
Sra. alcaldesa: fíxose o ano pasado por dous anos, este ano remata e terase que decidir se se prorroga durante dous anos mais, por mutuo acordo, ou se fai un novo proceso de licitación.
Sra. voceira suplente de VB: ¿cal é a empresa que obtivo o contrato?
Sra. alcaldesa: Áurea, servizos culturais.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

5.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO 2009.

Seguidamente dáse conta ós asistentes do expediente relativo á liquidación do orzamento municipal ordinario correspondente ao exercicio 2008 no que se inclúe, entre outros, o Decreto de Alcaldía 118/2010, do 26 de febreiro polo que se aprobou a referida liquidación, e que transcrita literalmente di:
"A Intervención municipal realizou a Liquidación de Gastos e Ingresos do orzamento municipal deste concello, correspondente ó exercicio de 2009, cumprindo o previsto no artigo 191.3 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía, R E S O L V E:
PRIMEIRO*.- Prestar aprobación á Liquidación de Gastos e Ingresos do Orzamento deste Concello correspondente ó exercicio de 2009, e que mostra o seguinte resumo:*
A) RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO 2009.

CONCEPTOS	**DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS**	**OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS**	**AXUSTES**	**RESULTADO ORZAMENTARIO**
a.- Operacións correntes	5.415.027,17	5.286.824,58		
b.- Operacións correntes non financeiras	2.250.708,82	2.753.383,92		
1. Total operacións non financeiras (a+b)	7.665.735,99	8.040.208,50		
2. Activos financeiros	4.418,31	4.252,82		

3. Pasivos financeiros	0,00	33.330,52		
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	7.670.154,30	8.077.791,84		-407.637,54
AXUSTES				
4. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			1.628.708,79	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio			191.228,08	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio			382.886,96	1.437.049,91
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				1.029.412,37

B) ESTADO REMANENTE DE TESOURERIA.
- Fondos líquidos na tesourería ..... 2.852.499,16 euros.
- Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio..... 667.055,53 euros.
- Obrigas pendentes de pago en fin de exercicio..... 759.991,55 euros.
- Remanente Tesourería total..... 2.759.563,14 euros.
- Saldos de dubidoso cobro..... 0,00 euros.
- Exceso de financiación afectada..... 272.914,99 euros.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais.....2.486.648,15 euros.
C) DEREITOS E OBRIGAS PENDENTES EXERCICIO 2009.
- Dereitos pendentes de cobro..... 640.424,94 euros.
- Obrigas pendentes de pago..... 570.198,63 euros.
D) REMANENTES DE CRÉDITO.
- Comprometidos..... 1.304.395,10 euros.
- Non comprometidos..... 1.892.666,59 euros.

SEGUNDO.- *Dar conta ó Pleno Municipal desta liquidación correspondente ó exercicio de 2009 e que se remita copia da mesma á Administración do Estado - Ministerio de Economía y Hacienda, e a Comunidade Autónoma en consonancia co previsto no artigo 193.4 e 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*
Bergondo, vinte e seis de febreiro dous mil dez.= A Alcaldesa-Presidenta=Asdo. Alejandra Pérez Máquez"

O Pleno municipal toma coñecemento da liquidación do orzamento do exercicio 2009.

6.- DAR CONTA DO *"ESTUDIO INFORMATIVO EJE ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDAD, TRAMO: A CORUÑA-BETANZOS (A CORUÑA)".*

Toma a palabra a Sr.alcaldesa e manifesta: como vostedes saben, no Estudo de decembro de 2008, barallábanse tres corredores por onde podería ir o trazado do tren de alta velocidade. No concernente a Bergondo, podería ir pola zona Sur, ou non chegar a pasar; desviarse polo encoro de Cecebre, discorrendo por Carral, Abegondo e subir por Betanzos.
No mes de xaneiro deste ano, xa que non houbera ningunha outra comunicación, recibiuse un escrito da empresa IDOM, que é a encargada da redacción dun proxecto do Estudo Coruña-Betanzos, no que se recollen novos corredores e trazados que nos afectarían exaxeradamente, sinalamos que este escrito non foi dirixido dende o Ministerio de Fomento, polo que o primeiro que se fixo foi falar cos responsables da Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, onde relativamente se nos tranquilizou, no senso de aclarar

que eles eran descoñecedores deste escrito, no que se pedía información das redes de saneamento, abastecemento e camiños que puidesen verse afectados, e, calquera comunicación relativa a este tema tiña que ser dirixida oficialmente desde o Ministerio, non dende a empresa redactora, solicitouse, igualmente, unha reunión desta Alcaldía co Director Xeral para coñecer de primeira man cales son as intencións ou que opcións estanse a estudar dende o Ministerio.
O día 2 de marzo, convócannos en Santiago ós alcaldes e alcaldesas dos concellos posiblemente afectados, co Director e o Subdirector Xerais e se nos informa do estado actual do Estudo; se nos di, que hai unha vontade firme de acelerar o proxecto, que non hai decidido ningún corredor, que todos seguen en estudo, incluso o que pasa por Carral e Abegondo, e que non figura nos planos da carta que enviara a empresa IDOM, que non se decidirá un trazado sen intentar consensuar primeiro coas tres Administracións, que se preservarán os espazos naturais, e, que non se afectará ó ferrocarril existente, iso foi o que se dixo por parte do Director Xeral.
Polo que respecta a Bergondo, podemos concluír que se está estudando unha parte importante do territorio, porque dependendo do lugar onde se una a liña Coruña-Betanzos Betanzos-Ferrol, poderiamos vernos afectados, ou non. Actualmente non temos datos do tramo Betanzos-Ferrol, ademais a consultora encargada de redactar ese proxecto é outra, non é IDOM, e a nós nunca se nos comunicou nada sobre este Estudo.
Polo tanto, actualmente non existe proxecto polo que non podemos dicir, por onde irá un túnel, por onde iria unha ponte, ou onde habería expropiacións, algo que, en palabras do Director Xeral, en liña xeral apenas se contemplan, aínda que eu niso teño as miñas dúbidas, xa que en Madrid será mais fácil, pero en Galicia é bastante difícil facer un trazado así sen facer ningunha expropiación, pero, ó día de hoxe, eles planteanse non facer expropiacións.
Dende esta Alcaldía, se lle traslada á Dirección Xeral unha rotunda negativa a que os trazados discorran por Bergondo, considerándoos inaceptables por razóns ambientais, paixasísticas, arqueolóxicas, de fragmentación do territorio, e, dunha hipoteca do crecemento urbanístico, comercial e industrial de Bergondo.
Dado que ó día de hoxe, non temos un documento ó que facer alegacións, pois temos que estar alerta, tranquilos relativamente, moi alerta e vixiantes para saber cal vai ser a opción que realmente despois se baralle, ou se realmente, como se dixo, se intenta consensuar coas tres Administracións afectadas neste Estudo, ó día de hoxe, despois desa reunión, non houbo nada mais, isto é o que se coñece desde esta Alcaldía e do resto, xa que este é un problema que nos inflúe a varios concello.
Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García: só unha petición, nós mandamos un escrito á Alcaldía pedindo unha xuntanza, reiteramos o nos desexo de ter esa reunión. Cremos que é importante, compartimos un mesmo obxectivo e sería bo ter esa información xa cando xurde, non ter que enterarnos pola prensa.
Tamén pedimos que se traslade toda a información que agora esta dicindo, e que a felicitamos, que se traslade ós afectados por calquera medio, porque como vostede sabe, están bastante preocupados e hai que trasladarlle a información.
Vólvollo a reiterar, porque cremos que os partidos aquí representados podemos aportar algo, tanto o Partido Socialista como o Partido Popular que agora ocupa a Xunta, tamén ten algo que dicir, nós o Bloque Nacionalista tamén teremos algo no que axudar, no senso que dixo vostede.
Sr.alcaldesa: cando vostedes fixeron esa petición, aínda non se fixera esta reunión en Santiago, co cal non se dispoñía de esta información, é o primeiro Pleno que temos despois dese día. En ningún momento os veciños estiveron desinformados. Pódese facer unha asemblea, ou se pode falar dalgunha outra forma, pódolle dicir que algún veciño se acercou aquí dicindo que algún concelleiro lle informara de que a súa casa ía ser expropiada, ou iso foi o que entendeu. Ben, á día de hoxe ninguén poder dar esa información porque non se sabe, repito, se vai un túnel, se vai unha ponte, ou se vai haber unha expropiación, porque falando das franxas dos corredores de seiscentos metros, podería ir por un lado ou polo outro, é dicir, non

se lle podería dicir a ninguén, vante expropiar. Nese senso, moitos veciños se acercaron polo concello, se lle informou por parte dos servizos técnicos, e esta alcaldesa polas tardes informou a moitos veciños que pasaron por aquí, e digo polas tardes, porque é cando non hai tantos funcionarios. Estívose informando do que había, que era moi pouco, porque foi un escrito desa empresa, e dende o ministerio se nos informou que non era nada oficial, que ó que lle tiñamos que facer caso era a calquera comunicación do ministerio.
Sr. concelleiro do BNG: a diferenza son os métodos que se utilizan para informar, hai unha páxina web. Nós tivemos coñecemento do contido da reunión co Ministerio de Fomento, a través de prensa; a prensa da lugar a diferentes interpretacións, poñía que se seguiría estudando as tres alternativas, hai cinco alternativas. En realidade se di que se está a estudar o tramo A Coruña-Betanzos, e estas dúas últimas alternativas nin sequera pasan por Betanzos, esa información, a través dunha asemblea ou da páxina web sería bo.
Sr.alcaldesa: ou persoalmente a cada veciño, como se estivo facendo no concello.

Toma a palabra a Sra. voceira suplente de Veciños de Bergondo, María del Loreto Caseiras Arroyo e di: a ese escrito que se recibe da empresa que fai o Estudo, ¿que trámite se lle da?.
Sr.alcaldesa: se lle contestou cun documento que fixo o arquitecto municipal, no que se lle expoñéndolles o que, no caso de que se decidiran por cada un dos corredores, resultaría afectado, aparte das redes de abastecemento e saneamento, que era o que a eles lles importaba nese estudo, os colexios, os castros, as vivendas, os corredores ambientais, etc.
Sra. voceira suplente: e dalgunha maneira se lles contesta no sendo de manifestar esa oposición ós trazados.
Sr.alcaldesa: si, en calquera dos tres trazados.

7.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa, de acordo co previsto no artigo 91.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) manifesta que, como xa lles adiantou ós/ás Sres./as, voceiros/as na Comisión Informativa, por parte do equipo de Goberno vanse presentar ó Pleno os seguintes asuntos urxentes:

En primeiro lugar, a interposición dun recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, fronte o acordo de denegación de compensación das cantidades deixadas de percibir nas cotas do Imposto sobre Bens Inmobles da empresa *Autopistas del Atlántico**, S.A.;*** xustifica a súa urxencia en que se recibiu un fax da Deputación o día 18 de marzo, no que nos urxía o envío dunha certificación deste acordo antes co fin de presentar o correspondente recurso.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

7.1.- PERSOAMENTO E SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA, PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURIDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA DESTE CONCELLO COMO PARTE RECORRENTE. ADOPCIÓN

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía, que transcrita literalmente di**:**

"Con data 5 de febreiro de 2010, recibiuse neste Concello resolución de data 29 de xaneiro de 2010 procedente da Dirección General de Coordinación Financiera con las Comunidades Autónomas y con las Entidades Locales do Ministerio de Economía e Facenda, no que se acorda denegar o recoñecemento do dereito á compensación solicitado para o Concello de Bergondo polas cantidades deixadas de percibir como consecuencia da bonificación do 95% aplicada nas cotas do Imposto sobre bens inmobles, a favor da empresa AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO, S.A. (AUDASA), que nos exercicios 2005 a 2008 cuantifican nun total de 2.248.933,84 euros, así como os intereses legais tamén reclamados.
Considerando o disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica ós Entes Locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña, publicado no BOP nº 245 de 25 de outubro de 1988.
Unha vez que foi visto o artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o escrito da Deputación Provincial de a Coruña, recibido por Fax o día 18 de marzo de 2010 (R.X.E. 2017), propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:
***PRIMEIRO**: Interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fronte o acordo de denegación de compensación das cantidades deixadas de percibir como consecuencia da bonificación do 95% aplicada nas cotas do Imposto sobre bens inmobles, a favor da empresa AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO, S.A. (AUDASA), exercitando este Concello a súa defensa como parte recorrente, encomendando tal defensa e representación ó Letrado-Asesor Xurídico da Excma. Deputación Provincial de A Coruña D. RAMÓN VALENTÍN LÓPEZ REY, ou calquera outro letrado adscrito a dita Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica ós Entes Locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña, publicado no BOP nº 245 de 25 de outubro de 1988.*
***SEGUNDO**: Facultar a Alcaldesa para levar a cabo cantos actos sexan necesarios en orde á execución do presente acordo.*
***TERCEIRO**: Comunicar a presente designación ó letrado mencionado e facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para os fins indicados*
O Pleno decidirá o que crea máis conveniente.
Bergondo, 18 de marzo de 2010=A alcaldes,=Asdo. Alejandra Pérez Máquez"

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

A continuación, a Sra. alcaldesa presenta como asunto urxente, a aprobación do proxecto de *CUBRICIÓN DO PATIO DO CPI, CRUZ DO SAR –BERGONDO,* xustifica a urxencia en que xa foi aprobado no seu momento polo Pleno, pero por parte da Delegación de Educación pediuse que se fixeran unhas correccións, baseándose nos últimos temporais; logo de facelas presentase de novo ó Pleno para a súa aprobación, e iniciar coa máxima urxencia os trámites para a contratación da obra, para que poda ser executada no verán.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

7.2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO "CUBRICIÓN DO PATIO DO CPI, CRUZ DO SAR –BERGONDO.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía, que transcrita literalmente di**:**
*O Pleno municipal en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de agosto de 2009, aprobou o proxecto nomeado "**Cubrición do patio do CPI Cruz do Sar-Bergondo**", cun importe de 173.228,24 € e IVE de 27.716,52 €.*
*Tendo en conta que se considerou apropiado solicitar autorización á **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, por realiza-las obras nun centro educativo da súa competencia, procedeuse o seu pedimento con data 27/08/2009.*
*Dita Consellería **considera, unha vez examinado o proxecto que**, tras os repetidos temporais de vento que se veñen sucedendo, **é necesario realizar cambios na definición da cuberta co fin de conseguir unha maior resistencia ante futuras inclemencias**. Polo que este concello ante esas recomendacións decidiu, por razóns de seguridade na obra, que se modificara o proxecto para incluír as recomendacións indicadas pola Consellería de Educación.*
*En consecuencia co anteriormente exposto, **proponse ó Pleno municipal que**, previo exame do expediente, **adopte o seguinte acordo**:*
***1º) - Aprobar** o "**Proxecto modificado de Cubrición do patio do CPI Cruz do Sar-Bergondo**", cun presuposto de 173.228,24 € e IVE de 27.716, 52 €, **que non altera o presuposto de execución por contrata** ó axustarse ó mesmo, redactado polo enxeñeiro de camiños canais e portos don Ángel Delgado Cid, colexiado núm.4657.*
***2º) -** Declarar que este concello está a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición das autorizacións necesarias para a execución das obras, e demais trámites que sexan necesarios.*
***3º) -** Comunicar o presente acordo á Excma.Deputación provincial por haber un Convenio de colaboración entre dito Organismo e este concello para o financiamento do proxecto da obra reiteradamente citado.*
***4º) -** Facultar expresamente á Sra.alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*
Non obstante o Pleno decidirá o que estime máis conveniente.
Bergondo, 22 de marzo de 2010=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

Seguidamente por parte da Alcaldía, presentase un novo asunto urxente, relativo á aprobación dun *Estudio de Detalle,* para a fixación de rasantes e ordenación de volumes, que foi á Comisión Informativa deste Pleno, pero detectouse un erro de transcrición nas medidas das fincas, quedando sen ditaminar na citada sesión informativa ata a súa comprobación por parte dos servizos técnicos. Logo da comprobación o arquitecto falou cos voceiros dos grupos, informando que o erro foi emendado e non afectaba á edificabilidade, xustifica a urxencia no senso de que xa foi á Comisión Informativa, pero non puido ser ditaminado por iso se inclúe neste punto da Orde do Día.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

7.3.- APROBACIÓN DEFINITIVA SE PROCEDE, DUN ESTUDO DE DETALLE PROMOVIDO POLA EMPRESA PROMOCIONES BECEBRE, S.L., NA PARROQUIA DE GUÍSAMO

Seguidamente dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía, que transcrita literalmente di**:**
"Por Resolución da Alcaldía núm. 2/2010, do día 05/01/2010, aprobouse INICIALMENTE o Estudo de detalle promovido por Promociones Becebre, S.L., representada por D. Luis Portela Montero que ten por obxecto "a fixación de rasantes e ordenación de volumes" duha finca sita no lugar de Sobre a Igrexa, parroquia de Guísamo.
A dita finca ten unha superficie de 2.504 m2 segundo a escritura de Compra venda outorgada perante o notario D. Víctor José Peón Rama, con núm. de protocolo 1218, de data 9 de xullo de 2009 e de 2.375,01 m2 segundo recente levantamento topográfico, polo tanto, a superficie do estudo de detalle é inferior á indicada no documento de compravenda.
Sometido o expediente a información pública, de acordo co previsto no art. 86.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGa), non se produciron reclamacións segundo se acredita na certificación da Secretaría que consta no mesmo.
En consonancia co exposto, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:
***PRIMEIRO**: Aprobar DEFINITIVAMENTE o Estudo de Detalle promovido por Promociones Becebre, S.L., representada por D. Carlos Brea Ferreiro para a fixación de rasantes e ordenación de volumes dunha finca sita no lugar de Sobre a Igrexa, parroquia de Guísamo.*
***SEGUNDO**: Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, e se notifique aos interesados co sinalamento dos recursos procedentes.*
***TERCEIRO**: Comunicar o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de acordo co previsto no art. 92 da LOUGa.*
Non obstante ao anterior, o Pleno Municipal decidirá o que estime máis conveniente.
Bergondo, 18 de marzo de 2010 =A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez "

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

A continuación por parte da Alcaldía tráese á aprobación polo Pleno a constitución do Consello Escolar Municipal de Bergondo; este asunto non puido ser levado á Comisión Informativa pola ausencia da secretaria do concello, e xustifica a urxencia en que terá que volver a traerse de novo a unha sesión posterior para a aprobación do seu Reglamento, e na necesidade da súa creación para que poida estar en funcionamento no vindeiro curso escolar.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

7.4.- CONSTITUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Seguidamente dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía, que transcrita literalmente di**:**
"A Constitución Española no artigo 27.5 (os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral do ensino, con participación efectiva de todos os sectores afectados e a

creación de centros docentes) recoñece a participación como un valor fundamental na organización do sistema escolar en todos os niveis, dende os centros docentes ata o ámbito estatal, e ese valor é a única vía que permite resolver problemas e buscar solucións a partir do contraste de opinións, do diálogo e do consenso.

De acordo co que dispoñen a Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación; a Lei Orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Docentes; a Lei 3/1986, de 18 de decembro, dos Consellos Escolares de Galicia (DOG do 26 de decembro de 1996); a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación; e o Decreto da Xunta de Galicia 44/1988, de 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia e os Consellos escolares territoriais e municipais (DOG do 11 de marzo de 1998); os Consellos escolares son a garantía de que calquera persoa poda exercer o seu dereito de participar no sistema educativo sen máis requisito que a súa propia opción voluntaria e sempre que sexa elixido ou designado polo sector que representa.

Os Consellos escolares municipais, como instrumento de participación dentro do sistema escolar, pretenden contribuír á corrección de desigualdades socioculturais, a conseguir un ensino máis eficaz e de máis calidade, e a cohesionar o tecido escolar implicado comprometendo aos grupos e ás persoas coa súa participación e contribucións.

No Consello Escolar Municipal atoparase toda a comunidade educativa: mestres, alumnos, nais e pais, traballadores da administración e dos servizos educativos e profesionais de ámbitos diversos, e responsables políticos, entre outros.

Bergondo quere ser un Concello educador en todos os sentidos, que viva a educación como un referente básico para a formación da conciencia cívica. Un instrumento determinante para acadar estes obxectivos é o Consello Escolar Municipal de Bergondo, no que debe confluír toda a comunidade.

Por todo o anteriormente exposto, propoño ó pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro:** a creación do Consello Escolar Municipal de Bergondo, o cal, en cumprimento do artigo 16, da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, e o no artigo 29.1.5, do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os Consellos Escolares Territoriais e Municipais; terá a seguinte composición:*

- O alcalde ou membro da Corporación en quen delegue, que será o seu presidente.
- Tres profesores do centro, elixidos polos profesores do mesmo.
- Dous pais de alumnos, elixidos polos pais, as nais ou os representantes legais dos alumnos matriculados no centro.
- Un alumno, elixido polos representantes dos alumnos no Consello Escolar do centro.
- Tres membros elixidos de conformidade co que dispoña a Corporación municipal.
- Un membro funcionario designado pola Administración educativa para o efecto.
- Un secretario (con voz, sen voto).

***Segundo:** en base ó establecido no artigo 16.1.b) da Lei 3/1986, e no 29.1.5. do Decreto 44/1988, a Corporación municipal determinará un terzo dos integrantes do citado Consello, que serán os seguintes, :*

- *Sr. director do CPI Cruz do Sar de Bergondo, ou en quen delegue.*
- *Sra. directora do CRA de Bergondo, ou en quen delegue.*
- *Sr. presidente do ANPA As Mariñas, ou en quen delegue.*

***Terceiro:** facultar á Sra. alcaldesa para dirixir os trámites posteriores á creación CEM de Bergondo.*

O Pleno municipal decidirá o que crea mais conveniente.=Bergondo, 22 de marzo de 2010.=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta:con esta proposta queremos facer o Consello Escolar Municipal (CEM), se recomenda por parte da Consellería, tamén se recomendou por parte da Inspección.

Algúns dos acordos que deben ser consultados con CEM, deben ser Convenios, acordos de cooperación coa Consellería de Educación, actuacións e normas municipais que afecten ós servizos educativos complementarios e extraescolares, como poden ser o transporte escolar, servizos de limpeza e conservación dos centros, a situación dos centros docentes dentro da demarcación municipal, o fomento das actividades tendentes a mellorar a calidade educativa, a programación de investimentos en materia educativa, e, a prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes. Ó finalizar o curso académico o Consello debe elaborar tamén un informe sobre o estado do ensino no municipio.
Para rematar, é algo que non se fai nos concellos pequenos, pero que é recomendable e, de feito, é obrigatorio con tal de que haxa un colexio de EGB; si se fai en concellos grandes, o mais cercano que temos é o de Culleredo e funciona bastante ben. A idea e funcionar así tamén no Concello de Bergondo.

A Sra. voceira suplente de VB, M.ª Loreto Caseiras Arroyo, pregunta: eses tres membros que vai elixir o concello sábese xa cales son.
Sra. alcaldesa: están na proposta, o director do CPI, a directora do CRA e o presidente da ANPA, tamén podería formar parte incluso representantes de asociacións de veciños, directores de colexios, especialistas en temas educativos, asociacións de empresarios, representantes de sindicatos, movementos de renovación pedagóxica; de feito nos consellos escolares de varios centros, onde chegan a ser ata vinte persoas no Consello Escolar teñen cabida todas estas persoas, pero neste que soamente estarán dez persoas, pensamos que os directores deben estar, e, de feito, así se nos recomendou por parte da Inspección.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández: xa era hora que se constituíra o Consello Escolar Municipal, xa fai doce anos que se publicou o Regulamento, felicitalos porque por fin se adopte este acordo; soamente teño unha pega, respecto ás persoas designadas pola Corporación, penso que contradí o espírito do Regulamento, do que se trata é de abrir a Educación á sociedade en xeral, entón, se hai xa tres profesores elixidos polos propios profesores, un dos cales pode ser o director, e, hai dous pais de alumnos, e despois tamén ven o presidente da ANPA, que, evidentemente, é un pai de alumno, estamos sentando todo nun grupo moi reducido de persoas. Pensamos que estas tres persoas elixidas pola Corporación, deberían ser doutros campos da sociedade.
De todos modos, o que a nós nos interesa é que o Consello Escolar Municipal se constitúa e funcione.
Sra. alcaldesa: nun Consello mais amplo, iso sería o mais lóxico. Estamos seguindo as indicacións que se nos fixeron por parte da inspección. O director non ten porque estar escollido polos profesores, o presidente da ANPA non ten porque estar escollido polos resto dos pais.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

Por ultimo, a Sra. alcaldesa presenta como asunto urxente, a aprobación do Convenio da Área de Transporte Metropolitano da Coruña, xustifica a súa urxencia en que na última reunión que tivo coa Comisión de seguimento, que foi o un de marzo, se lles comunicou ós concellos implicados, a necesidade de ser aprobado nos plenos municipais do mes de Marzo.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

7.5.- ***CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA, NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.***

Seguidamente dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía, que transcrita literalmente di**:**
"O Pleno municipal, na sesión que tivo lugar o día 27 de marzo de 2008, aprobou a inclusión do Concello de Bergondo na Área do Transporte Metropolitano da Coruña; no acordo adoptado co motivo da dita inclusión, o Pleno acordou, así mesmo, asumir as obrigas económicas derivadas da sinatura dun Convenio de colaboración entre a que era, naquelas datas, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia e os concellos integrantes da citada Área.
O día 22 de marzo de 2010, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, remitiu o modelo de Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano da Coruña.
Polo exposto anteriormente, propoño ó Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:
Primeiro: *Aprobar o texto do Convenio de Colaboración para o Desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano da Coruña, a subscribir entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, e, entre outros, o Concello de Bergondo, que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes, para a aplicación de medidas de fomento do transporte público de viaxeiros na Área de transporte metropolitano da área de A Coruña.*
Segundo: *Facultar a Sra. alcaldesa, Alejandra Pérez Máquez, á sinatura do citado Convenio, en nome e representación do Concello de Bergondo, e, así mesmo, para a realización das actuacións necesarias ó desenvolvemento do dito Convenio.*
Terceiro: *Remitir unha certificación deste acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.*
O Pleno decidirá o que crea mais conveniente.= Bergondo, 23 de marzo de 2010.=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez

A Sra. alcaldesa manifesta: xa estabamos subscritos a este Convenio, a modificación é que agora hai novas liñas, e que se poderán seguir engadindo se houbese interese por parte dos concellos. O concello deberá pagar o vinte por cento do déficit, a Consellería paga o oitenta por cento, este ano a estimación do custo para o Concello de Bergondo é de nove mil seiscentos euros, para o ano que ven xa en dezasete mil cincocentos euros, polo tanto, calquera nova liña que se quixera propoñer habería que estudala ben, porque se non funcionase, podería ser dada de baixa por parte da Consellería. A tramitación da tarxeta leva algún retraso, xa que ten un programa de software bastante complicado; tamén poñeranse novas marquesiñas onde sexa necesario, de feito a Consellería ten un compromiso expreso de subministralas en todo o territorio por un importe de trescentos mil euros, o mantemento posterior será a cargo do concello

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta ós voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a esta convocatoria.

A Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle, manifesta que o seu Grupo quere presentar un moción que esta avalada polos tres grupos da oposición; a urxencia está fundamentada na situación lamentable, e de risco, á que se ven expostos os mozos do noso concello ó xogar en campos de fútbol en estado precario.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

7.6.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR, BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E VECIÑOS DE BERGONDO PARA A CONSTRUCIÓN DUN CAMPO DE FÚTBOL EN BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación a Sra. voceira do PP, da lectura a moción presentada, que transcrita literalmente di:
"O grupo municipal de Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación municipal esta Moción, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:
*1.- Da acordo coa Constitución Española, no seu artigo 43.3,"*Los poderes públicos fomentarán la educación sanitaria, la educación física y el deporte.."
2.- Concorren na intervención pública no deporte as tres Administracións territoriais, pero son as Entidades Locais os principais xestores polo grado de proximidade ao cidadán. (ref. Consello Superior de Deportes).
3.- Algunhas das competencias das Entidades Locais na materia deportiva son:
.-Reservar nos Plans de Urbanismo chan para a construción de instalacións deportivas.
.- Construír en colaboración con outras administracións as instalacións deportivas locais.
.- Desenrolar programas de promoción deportiva para tódalas idades.
.- Axudar os clubes deportivos ubicados no seu territorio.
4.- A Lei do Deporte 10/1990 de 15 de outubro recolle no seu preámbulo que o deporte é unha actividade libre e voluntaria, espontánea, desinteresada e lúdica e contempla a importante labor social e educativa do deporte: fomenta o traballo en equipo, o esforzo persoal para conseguir un obxectivo, axuda a mellorar a saúde física e mental e é un medio de entretemento e diversión.
Ademáis, dentro das liberdades que garantiza o noso ordenamento xurídico, está a libre elección do deporte a practicar.
En apoio a todas aquelas persoas que queiran practicar dignamente o deporte no noso concello, e, en concreto o fútbol.
EXPOÑEMOS:
Actualmente no Concello de Bergondo hai unha gran demanda social para a práctica do fútbol, temos numerosas peñas e varios equipos federados en diferentes categorías que se ven obrigados a xogar en campos cedidos ou alquilados en concellos limítrofes.
Tanto o campo de Cortiñán como o do Convento son propiedade da Igrexa e, ademais, o de Cortiñán non cumpre as medidas reglamentarias para ser federado. Por outra banda o do Convento encontrase nun estado lamentable, xa que é utilizado tanto para entrenamentos como para competicións, polo que sofre

desgaste por un uso continuado. Temos coñecemento de que algúns equipos de fora se negan a xogar no citado campo.
O único campo que ten o noso concello é o campo de fútbol do Xuncal, o cal presenta moitas deficiencias por atoparse nun espazo protexido da rede Natura, onde non é posible realizar ningunha reforma para adaptalo á práctica deportiva.
EN BASE A ESTO, SOLICITAMOS:
1.- A construción inmediata dun campo de fútbol en Bergondo, que reúna tódolos requisitos para a práctica deste deporte. Temos coñecemento de que no Plan Xeral de Urbanismo está contemplada a construción dun complexo deportivo, pero tamén sabemos que é un proxecto a largo prazo en non soluciona os problemas que teñen a diario, e cada temporada os que queren practicas este deporte. A situación é especialmente delicada no caso dos mais pequenos, os cales teñen que xogar en campos en condicións pésimas. Algúns destes rapaces néganse a xogar, co cal o deporte que debería ser diversión e entretenemento convertese nun risco e sacrificio pola pasividade deste equipo de goberno.
2.- Que se realice este campo de fútbol nos terreos que dispón o concello no Polígono de Bergondo, 8000 m2 que darían para a construción do campo así como para dotalo de aparcamento.
3.- Que se habiliten as pistas que hai detrás do concello para entrenamento dos mais pequenos.
4.- Que no que resta de temporada se busque como solución inmediata un campo de fútbol en algún concello limítrofe, subvencionando por parte do concello os desprazamentos en autobús.
5.- Compromiso firme de que o campo de fútbol ten que estar en funcionamento par a próxima tempada 2010-2011.
6.- Creación dunha Comisión de seguimento onde se informen tanto os grupos da oposición como os representantes dos equipos de fútbol da obra a realizar."

Continua a Sra. voceira do PP, e manifesta: axuntamos tamén un informe dos servizos técnicos municipais do ano 2001, onde se informa que en escritura de data 26 de xullo de 1993, de cesión gratuíta ó Concello de Bergondo outorgada por D. Rafael Gil Fernández Tejeda en nome e representación da Sociedade Estatal e Promoción de Equipamentos de Solo (SEPES), a favor do Concello de Bergondo representado por D. José Carabel Balsa, perante o notario, a cesión de parcelas para zona deportiva e equipamento social. A zona para equipamento deportivo sería de 17.645 metros cadrados, zona de equipamento social 8.800 metros cadrados, e zona de equipamento comercial, do cal xa se dispuxo para o edificio de Protección Civil e o de a Asociación de Propietarios do Polígono de Bergondo. Este é o informe que temos, xunto co plano onde aparece a parcela na que se podería realizar o campo de fútbol.
Repetimos que a situación é precaria, os xovenes no noso concello non teñen un campo de fútbol, pedimos unha actuación inmediata; o que non podemos esperar é a que saía o Plan Xeral, porque sabemos que iso é unha solución a largo prazo. Os terreos témolos, é o informe onde se di o que foron destinados, a Sra. alcaldesa me dirá se houbo algunha modificación, e senón haberá que buscar unha solución inmediata.
Na páxina do concello podemos ver que ten unha bolsa para deportistas, da Deputación Provincial, onde se fomenta o deporte, pois o fútbol é deporte, e igual que se buscan bolsas de axuda para a xente que están en competicións, pois tamén nisto hai que buscar unha solución.
Sra. alcaldesa: a iniciativa é moi loable, pero a moción nestes termos non é factible. Non é factible porque como vostedes din, nos Plans de urbanismo hai que deixan chan para construción de instalacións deportivas, e así se fai.
Vostedes estiveron na sesión de aprobación do Orzamento, se non hai unha partida orzamentaria non se pode facer a construción inmediata dun campo de fútbol, é unha cuestión material non é unha cuestión de querer ou non querer.

A construción recente dun campo de fútbol de céspede artificial en Rianxo, mediante varias fases, tivo un custo de un millón oitocentos mil euros, co apoio da Deputación.
Na parcela do Polígono non se pode facer, non dan as medidas, xa que a zona deportiva ten como máximo cento nove metros de largo, e un campo de fútbol necesita unha medidas de noventa por corenta e cinco, polo que non daría nin para facer un vestiario, e moitos menos para facer unhas gradas. Ademais a zona ten varios taludes, e alí, é unha cuestión técnica do que falo, non é viable facer un campo de fútbol, aparte de que, persoalmente o digo, non sería a situación idónea.
Din vostedes que se habiliten as pistas que hai detrás do concello, niso estou totalmente de acordo, iso é algo que se podería facer. O campo de Xuncal, agora mesmo esta ben, pasou temporalmente por unha situación moi mala debido ás augas e ó mal tempo, pero ó día de hoxe está ben, o que non se pode é xogar e adestrar ó mesmo tempo, pero si se pode adestrar no campo de fútbol de Cortiñán.
Vostedes tamén nos din no apartado catro, que busquemos como solución inmediata un campo nun concello limítrofe; non habería ningún problema, xa que outras veces foi ó revés, serviron os campos de fútbol de Bergondo para que outros equipos de concellos limítrofes viñeran a xogar aquí, pero o concello non pode subvencionar o desprazamento en autobús. O concello ten un convenio cos equipos de fútbol, é unha subvención nominativa que poden xustificala con desprazamentos en autobús, o que non pode facer o concello é pagar unha factura dun traslado dun equipo de fútbol que xa ten unha subvención nominativa concedida.
En resumo, o compromiso firme de que un campo de fútbol estea en funcionamento para a próxima temporada, pois si, o Xuncal, e, por suposto, botar unha man no que sexa necesario para que o campo do Convento, a pesar de que non é do concello, intentarase amañar para que quede o mellor posible; aínda que a recomendación sería que se intentase adestrar no campo de Cortiñán. Nestes termos non podemos aprobar esta moción, si estou de acordo en que deberíamos facer un estudo cun orzamento, un proxecto e buscar o sitio mais idóneo, que eu penso que é o que vai no Plan Xeral.
Sra. voceira do PP: esa non é unha solución inmediata. Nunha noticia de finais de 2009, a Deputación da Coruña proxecta sesenta e seis campos de fútbol, Fene, Ferrol, Narón, Ares, etc. estamos a falar de concellos como Bergondo, ¿porque esta xente se acolleu a unhas subvencións da Deputación e Bergondo non?. Vostedes igual que nós, levaban nos seus programas electorais ter un campo de fútbol.
Sra. alcaldesa: non se acolleu porque hai que ter primeiro a parcela.
Sra. voceira do PP: a parcela xa a temos.
Sra. alcaldesa: a parcela do polígono non é viable.
Sra. voceira do PP: son oito mil metros cadrados, e xa se pode federar un campo de fútbol con seis mil.
Sra. alcaldesa: as medidas son noventa por corenta y cinco, non chegan.
Sra. voceira do PP: pois haberá que buscar unha solución, falar con empresas que cedan terreos, buscar unha solución que vostede non esta dando. O campo de Xuncal é pan para hoxe e fame para mañá, non está solucionando o problema porque non se pode federar ese tipo de campos de fútbol, e está nun estado lamentable. O campo de Cortiñán non da as medidas para federar, non importa que poidan adestrar cando despois non teñen un campo no que poidan competir.
Sra. alcaldesa: o campo de Xuncal serviu perfectamente para os equipos que alí xogaban, tendo coidado con el e botando todos unha man. Vostedes tampouco están dando unha solución.
Sra. voceira do PP: nós estamos propoñendo unha solución.
Sra. alcaldesa: pero non é unha proposta tecnicamente viable.

Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García: o primeiro que hai que definir é se se aposta polo deporte, se se aposta por esta infraestrutura. Polas noticias que temos ata o de agora, o grupo de goberno e a alcaldesa non consideraban necesario inverter nun campo de fútbol, non sei se iso cambiou e agora o

consideran necesario. Aquí nun Pleno cando nós preguntamos acerca da posibilidade de facer un campo de fútbol, vostede dixo que non consideraba que Bergondo tivese xogadores e practicantes suficientes para afrontar esa inversión, que prefería o método que se utiliza coa piscina de que se utilizaran as infraestruturas dos concellos limítrofes; esa era a concepción que tiña vostede fai uns meses, se ten esa pois dígaa claramente, non considera prioritario facer un campo de fútbol en Bergondo pois é unha opinión respectable, que non é a nosa, pero pode rectificala. Os feitos nos dan a razón, cada vez hai mas participantes, hoxe en Bergondo hai dous clubes federados, hai benxamíns, alevíns, para o ano vai haber infantís e ó mellor xuvenís. Habería moita mais práctica do deporte se houbera unhas instalacións equiparables ás que hai nos concellos da arredonda.

Bergondo é o sitio que ten as peores instalacións, comparando cos concellos limítrofes. Nós cremos que é unha aposta segura, onde hai campos de herba sintética cuns vestiarios decentes están cheos de equipos que practican diariamente, nós intentamos adestrar no campo de herba sintética do Sar e non hai sitio para entrar. Os hábitos deportivos saudables non saen por xeración espontánea, hai que fomentalo igual que se fomenta a cultura.

Unha vez dito isto, o que non poder facer un equipo de goberno é dedicarse a poñer pegas. Os problemas que vostede pon a este proxecto son problemas normais que afrontan cando fai calquera tipo de infraestrutura, si mañá queremos facer un Centro de Día, ou un aparcamento, nos imos encontrar sempre con algún tipo de problema, pero traballando cos técnicos se conseguen subsanar, nós falamos co arquitecto e si que é posible facer un campo de fútbol alí, hai que facer un estudo, pero si que é posible. Tamén sería posible ir facendo alí un complexo deportivo para o futuro. Cando se quere, non hai que dedicarse a poñer pegas ó proxecto; non se poñen cando durante mais dun ano hai unha empresa de aluguer de coches que os aparca alí, para iso non hai ningunha pega.

Hai que definirse, se vostede considera que isto sería unha boa inversión para Bergondo, para a xuventude e para os non tan xovenes, pois dígao publicamente, se non o considera prioritario tamén dígao.

Sra. alcaldesa: Sr. concelleiro, non me fale vostede de fomentar cultura e deporte, cando fai dez anos démoslle un cambio a este concello. Prioritario, vostede mesmo o acaba de dicir, actualmente hai dous equipos de fútbol, fai pouco había un, que foi medrando que agora ten mais categorías. Sigo dicindo que as infraestruturas se deberían consorciar e non estou desdicíndome dunha cousa ou doutra; este concello vai medrando e vai apostando pola cultura, polo deporte, porque así o fixo dende hai dez anos, e isto notouse nas infraestruturas, nas dotacións orzamentarias e no número de participantes en calquera actividade deportiva e cultural. Este concello sempre mantivo unha colaboración expresa con todos os equipos e con todas as asociacións deportivas, entón no me fale vostede de fomento, cando precisamente iso foi o que se fixo aquí.

Naquel momento dixen que non era prioritario, porque sigo dicindo que o deberíamos consorciar, é algo que non soamente penso eu. Deberíamos consorciar as infraestruturas e non tería que haber un campo de fútbol por cada concello, aínda que tamén é certo que conforme van crecendo os concellos e as actividades neles van xurdindo outras actividades, ó mellor este é o momento de afrontar esa necesidade, fai catro anos non ha había, e sería porque este concello a fomentou e a apoiou. O que dicimos que no futuro iso é completamente viable, pero a día de hoxe, na tempada 2010-2011, non, sería mentirlles dicirlle iso á xente, a día de hoxe ter un campo de fútbol novo funcionado.

Vostede falou co técnico, e se non recordo mal, o técnico díxolle que tiña que volver a repasar o expediente relativo á parcela que no seu momento cedeu o Sepes. Eu tamén lle estou falando tecnicamente, non cabe un campo de fútbol na parcela do Polígono, e non mesture vostede as *churras coas merinas,* porque o feito de que estiveran os coches alí aparcados non é porque non se queira facer un campo de fútbol, ese era un tema puntual.

Este concello quere apostar polo futuro e quere apostar polo deporte, iso o levamos facendo once anos, polo que non me veña con demagoxia barata.
Sr. concelleiro do BNG: non é ningunha demagoxia, os que están aquí levan moitos anos pelexando para que estes clubes existan, e saben que existen a pesares do goberno local, subsisten grazas ó esforzo de moita xente e con pouco apoio municipal. Pero insisto, coa súa intervención aínda non nós aclaramos si aposta por construír un campo de fútbol en Bergondo.
Sra. alcaldesa: si se aposta, pero iso non quere dicir que me desdiga doutro.
Sr. concelleiro do BNG: sigamos concretando, se vostede di que esa parcela non vale, e nós cremos que si, imos encargar un estudo polos técnicos do concello para si se pode facer un campo de fútbol nesa parcela.
Sra. alcaldesa: iso si se pode facer.
Sr. concelleiro do BNG: poñámoslle prazo, pode estar no próximo Pleno ordinario.
Sra. alcaldesa: si, para unha memoria, lles pode dar tempo ós técnicos nese prazo.
Toma a palabra a Sra. voceira suplente de VB, M.ª Loreto Caseiras Arroyo, e di: creo recordar que cando se fixo a operación de cesión de uso da Senra, falábase de que non solo había que recuperar o edificio, senón que os terreos que a rodeaban tiñan que ter un destino para instalacións deportivas, hoxe en día aquilo é un aparcamento
Sra. alcaldesa: se ten que facer un proxecto para facer unhas instalacións deportivas, alí se tería que plantexar outro tipo de equipamento deportivo. Esa sería a terceira fase da Senra.
Sra. voceira suplente de VB: pero non hai estudo nin nada previsto.
Sra. alcaldesa: aínda non.

Os grupos políticos integrantes da Corporación, deciden non adoptar ningún acordo en referente á Moción presentada á espera dun informe dos técnicos municipais en relación á parcela destinada a equipamentos deportivos, sita no Polígono Industrial de Bergondo.

8.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 25 de xaneiro ata o 22 de marzo de 2010, numerados do 39/2010 ó 164/2010. O Pleno queda enterado.

9.-ROGOS E PREGUNTAS

O Grupo municipal do Partido Popular presentou os seus Rogos e Preguntas o día 24 de marzo, co núm. do rexistro de entrada: 2147. A Sra. voceira do dito grupo, Silvia M.ª Vàzquez Cardelle, pasa seguidamente a formulalos; son as seguintes:

ROGOS:
1.- Carretera de Armuño (desde las curvas de Utande hasta el Espíritu Santo: vallas tiradas invaden el carril de subida), y no hay alumbrado.
Sra. alcaldesa: supoño que se refire a estrada da Deputación, requiríuselle á empresa por parte da Deputación e, por outro lado, por parte do concello no que nos afecta ó alcantarillado na obra que se fixo

no FEIL, e xa me adianto a posteriores preguntas, nun mes debería estar amañado. Desde a Deputación se nos dixo que en quince días estaría amañado, esperemos que si porque efectivamente é un perigo como está esa carretera. Senón se lle reterá o aval, tanto pola Deputación como pola nosa parte.

2.- Gandarío: zona del camping, hay una arqueta que pierde agua por la carretera.
Sra. alcaldesa: xa está controlado.

3.- Arreglo del espejo de San Paio.

4.- Carreras ilegales en Loureda.
Sra. alcaldesa: hai que dicirlles ós veciños que cando sexan coñecedores diso chamen á policía local, estas son cousas que se non se ven no momento despois é difícil de comprobar.

5.- Árboles en Baldomir. Las acacias debido a la reforma de ajardinamiento quedan justo en el arcén donde se ha asfaltado, por lo que es un peligro para los coches. Buscar una solución.
Sra. alcaldesa: a carreteira non chega ata aí. A Xunta vaille botar unha capa de *slurri* a toda a estrada de Cambre, entón xa vai pintar a liña e quedaran as árbores delimitado porque non son parte da estrada.

6.- Creación de una senda peatonal desde Fiobre hasta el Mesón de Antón aprovechando que está próxima la época estival.
Sra. alcaldesa: hai bastantes valados por alí, pero estudarase.

PREGUNTAS:
1.- Carretera de Moruxo. ¿en qué estado están las obras?.
Sra. alcaldesa: están pendentes da adxudicación provisional, que se espera sexa despois de Semana Santa; despois son os trámites administrativos, adxudicación definitiva, firma do contrato, nun mes debería estar o contrato feito.

2.- Aceras en Baldormir: jardín que limita con el muro de la urbanización, se había dicho que iba a llevar césped artificial y a día de hoy tiene una lona. ¿cuál es el motivo?.
Sra. alcaldesa: a verdade é que non sabemos moi ben o tema do céspede artificial, xa que non era esa intención. Ten a lona para evitar que saian as malas herbas e poñer as plantas.

3.- ¿Para cuando se tiene previsto la canalización de las aguas debajo del puente del Pedrido?.
Sra. alcaldesa: seguimos pendentes da autorización de Augas de Galicia, no momento que chegue se fará a obra.

4.- ¿En que fase se encuentra el acuerdo de llevar los libros del cura de Guísamo para la Senra?. ¿Van a tomar alguna clase de medida para ayudar a arreglar su residencia?.
Sra. alcaldesa: estívose falando co cura párroco de Soandres da posible restauración; e comentóuselle que xa o anterior alcalde quixera facela. Ese é un patrimonio da igrexa e tería que haber algunha contraprestación pola outra parte, xa que non podemos actuar en algo que non é noso. Non habería unha doazón por parte da igrexa, foi o que me dixo, pero poderíase facer unha cesión temporal que podería ser de trinta anos e, incluso, prorrogable. Ó falar deste número de anos o concello si podería tomar algunha medida para restaurala e convertela nun Centro, aínda que houbera que deixar unha parte para oficina do cura párroco, o sexa, que deixaría de ser vivenda. Con respecto ós libros se lle dixo no seu momento ó

párroco, pero parte deles non son de él, pero se lle volverá a recordar porque tamén nos interesa que non saian de aquí.

5.- Situación actual de los terrenos para la depuradora.
Sra. alcaldesa: se ten que volver a redactar o proxecto incluíndo os terreos, se nos comunicou de Augas de Galicia que xa se van a poñer con esa redacción.

O Grupo municipal de Veciños de Bergondo, presentou as súas Preguntas o día 24 de marzo, co núm. do rexistro de entrada: 2167 A Sra. voceira suplente do dito grupo, M.ª Loreto Caseiras Arroyo, pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

1ª.- Dende que en xaneiro comezamos coas novas alternativas de Fomento ó trazado do AVE, esta Alcaldía foi a única que non informou nin ó Pleno nin ós veciños de Bergondo.
¿Cando vai crear unha Comisión de seguemento das propostas do AVE?, ¿Cando vai contar co Pleno para compartir estas preguntas tan intrusivas para Bergondo?.
¿Cando pensa informas ós veciños? Isto recorda ó absurdo do VIAL 21.
Sra. voceira suplente de VB: non é que a demos por contestada co dar conta que se incluía na Orde do Día, pero insistimos en que hai que dar algún tipo de información á poboación, é moi sinxelo, non é nada custoso, igual que saen publicadas determinadas informacións, pois sacar unha nota de prensa manifestando o que acaba de trasladar ó Pleno.
Sra. alcaldesa: o que se dixo xa saíu publicado en prensa, o tema dos tres trazados, expropiacións....
Sra. voceira suplente de VB: o que eu recordo é que tiveran unha reunión os alcaldes dos concellos afectados, pero despois non saíu nada mais. Informar que isto foi un acordo dunha empresa que non ten ningunha validez ata que Fomento non no lo confirme. O fío disto vexo que entre os nosos gastos que aquí hai un periodista, ó que lle pagamos sete mil euros por traballos de comunicacións, publicidade, relacións de prensa.
Sra. alcaldesa: é unha axencia de prensa.
Sra. voceira suplente de VB: pero esta persoa é a que se ocupa de poñer na prensa todas as noticias que a Alcaldía quere sacar.
Sra. alcaldesa: efectivamente.
Sra. voceira suplente de VB: pois poderá publicarnos unha nota.
Sra. alcaldesa: por suposto.
Sra. voceira suplente de VB: aproveitando, tamén poderiamos comentar algo de reducir este gasto para o concello.
Sra. alcaldesa: xa se fixo esta pregunta o ano pasado, e contesteina no seu momento.
Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García: fun eu, a propósito, subiulle o soldo.
Sra. alcaldesa: o soldo non, é un profesional.
Sr. concelleiro do BNG: este ano custou mais de mil euros mais que o pasado, ¿que pasou?.
Sra. alcaldesa: xa lle dixen que eran unha contías de acorde co que hai por aí adiante, é menos que se houbera un contrato mensual, que é algo que se fai habitualmente en moitas Administracións.
Sra. voceira suplente de VB: entón quedaría esta pregunta quedaría substituída por esta petición, que se informe polos medios de comunicación.

2.ª.- Todos os concellos limítrofes están xa en proceso de finalización dos parque infantís, ¿En que fase nos atopamos nós? ¿Cando rematarán as adaptacións?.
Sra. alcaldesa: están practicamente rematadas, hai algúns que xa están listos.

3.ª.- En Armuño pintouse a estrada fai 15 días sen reparar as deficiencias xurdidas polo trazado do alcantarillado. A estrada atópase en pésimo estado dende Armuño ó Espiritu Santo; isto xa o denunciamos en repetidas ocasións, ¿Cando van normalizar esta situación?.
Sra. voceira suplente de VB: xa está contestada.

4.ª.- ¿Porque non existe aínda un Convenio coa Xefatura de Tráfico para usar alcoholímetros e radares móbiles no Concello?. ¿Porque non se fomenta a participación da Policía Local nas actividades da Dirección Xeral de Tráfico?. ¿Vaise propoñer dito Convenio? ¿Cando?.
Sra. alcaldesa: ata o de agora non se facía porque as limitacións dos medios eran evidentes, non quere dicir que agora teñamos unha plantilla moi ampla, pero si se vai a solicitar.
Sra. voceira suplente de VB: polos decretos vexo que se aumentou con dous axentes.
Sra. alcaldesa: son os que estaban en prácticas as rematon e agora xa se incorporan como funcionarios en propiedade.
Sra. voceira suplente de VB: iso implica que xa temos policía os fins de semana.
Sra. alcaldesa: si, estarán de nove a nove de luns a domingo.
Sra. voceira suplente de VB: iso tamén sería bo comunicalo, na páxina web ou nalgún bando, ós veciños.
Sra. alcaldesa: si.

5.ª.- Como saben, tanto o Goberno Central como a Dirección Xeral de Tráfico, están a realizar as campañas de sensibilización para unha mellor e mais atención á seguridade vial, sobre todo nas vías secundarias onde se producen mais do 68% dos accidentes mortais de tráfico. Algunhas das nosas vías atópanse no estado que mostran as fotografías que se acompañan: Camiño do Outeiro, antigamente Cotel de Abaixo en Cortiñán: carretera destrozada por camións de gran tonelaxe e baches continuados.
Cortiñán de abaixo: estradas destrozadas por deficiencias de alcantarillado.
Pisón: Baches imposibles de mais de un metro, denunciados repetidamente polos veciños.
Peteiro: poboación olvidada por este Concello (lles suxiro se pasen persoalmente pola zona, a calquera lle daría vergoña ter así esta parroquia. Por qué non vai vostede a facer fotos como fixo en Armuño e así saberá de qué falamos)
¿Para cando vanse solucionar estas deficiencias?. (como dixo Pere Navarro: no puede ser excusa la lluvia par finalizar las obras, cuando está en peligro la seguridad vial, *Director Xeral de Tráfico, El Pais 12 de febreiro de 2010)*

Sra. alcaldesa: os camiños de Cortiñán os hai que asfaltar, houbo un problema que xa comentamos varias veces, que os saneamentos que se fixeron este ano, moitos deles con tanta auga se viñeron abaixo, agora imos ter que repoñelos. Os de Pisón teremos que seguir esperando porque foi un proxecto que se metera no PEIM, na Consellería de Medio Rural e fun asinar o Convenio haberá tres semanas e se nos dixo por parte do conselleiro que estaría en primavera, mais ben tirando ó verano, a execución de todos os proxectos; ese incluía desde Miodelo ata Vixoi, por iso non podemos actuar nese camiño.
O de Peteiro non é ningún rueiro esquecido, o mal tempo fixo que houbese moitos problemas, a proba está que incluso as estradas nacionais, de Fomento, están en moi mal estado. Nós agora que comeza o bo tempo é cando estamos contratando todos os amaños dos camiños.
Sra. voceira suplente de VB: pódelle dicirlles ós veciños que o van a contratar para o verán.
Sra. alcaldesa: si, incluso antes do verán.

Sra. voceira suplente de VB: por ultimo, unha dúbida, nas axudas que se conceden pola concellería de Benestar Social e Xuventude, vemos unhas bolsas de axudas a determinados veciños, nalgúns casos constan os datos completos e noutros se ocultan e só se poñen as iniciais ¿hai algún motivo para isto?
Sra. concelleira de Benestar Social e Xuventude, Begoña Calviño Dorado: deberían estar todos ocultos e poñer so as iniciais, pola Lei de protección de datos. Sería un erro.

O Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presentou as súas Preguntas o día 23 de marzo, co núm. do rexistro de entrada: 2123. O Sr. voceiro do dito grupo, Manuel Parga Fernández, pasa seguidamente a formulalos; son as seguintes:

ROGOS:

1) *Se arranxe o tramo da estrada de Armuño ó Espíritu Santo que presenta grandes baches, despois da recente obra de mellora do firme.* Este xa foi un rogo do Pleno de novembro, levamos catro meses, parte si se arranxou, pero este é un tramo perigoso.

2) *Se coloquen bandas rugosas na recta da escola unitaria de Lubre.*

Sra. alcaldesa: dende a Deputación non estaban moito pola labor de colocar bandas rugosas, pero eu lle insistín no senso de que aquela tampouco é unha zona de moitas vivendas pegadas á escola, polo que non habería problemas de molestias cos veciños. Vano estudar e probablemente as poñan.

3) *Se realicen xestións cos afectados das expropiacións da 1ª Fase do proxecto de mellora CP 0810 de Guísamo a Guiliade, en San Paio co obxectivo de conquerir a cesión voluntaria dos terreos necesarios para a obra.*

Sra. alcaldesa: xa se iniciaron as expropiacións.
Sr. voceiro do BNG: nós temos coñecemento de que os veciños están dispostos.
Sra. alcaldesa: non todos, de feito xa hai alegacións presentadas na Deputación.
Sr. voceiro do BNG: porque o publicaron no BOP cun período de alegacións, e loxicamente a xente esta no seu dereito a presentalas, pero se se conseguira sería mais rápido, e probablemente mellor para os veciños.
Sra. alcaldesa: claro que están no seu dereito, si sería mais rápido, pero mellor non ter porque ser; ademais sería mais xusto porque si un cede e outro non, así é para todos igual, pero é mais lento.
Sr. voceiro do BNG: si sabemos que hai un veciño que non está de acordo, pero si os demais o están, el tamén. Esta é unha obra moi urxente e co tema das expropiación alongase no tempo.

4) *Se convoque a Comisión de asuntos do PXOM para analizar o impacto do Plan de Ordenación do Litoral no noso concello.*

Sra. alcaldesa: non esta aínda feito o informe por parte dos técnicos, xa que se ampliou o prazo para que se presentasen alegacións.
Sr. voceiro do BNG: estamos vendo na prensa todos os días que os técnicos da Xunta reuníronse co Concello de Oleiros, co Concello de Sada e seria bo que tamén se reunisen co Concello de Bergondo e que o grupo de goberno nos invitara ós demais grupos a participar nesas reunións para saber de que vai o asunto.
Sra. alcaldesa: aínda que non sexa unha competencia desa Comisión.
Sr. voceiro do BNG: diximos a do PXOM, porque vai estar afectado por ese Plan.
Sra. alcaldesa: vostedes mesmos foron os que determinaron as funcións.

Sr. voceiro do BNG: danos igual cal sexa.

PREGUNTAS:
1) ¿Realizouse algunha xestión para a recuperación do camiño vecinal ocupado en Cortiñán, no lugar da Fraga .
Sra. alcaldesa: a día de hoxe esta aberto o camiño e pensamos que ben, de feito algún dos veciños xa foi alí e non nos dixeron que estivera mal.

2) Situación da negociación do Convenio Colectivo dos traballadores do Concello de Bergondo.
Sra. alcaldesa: está rematada a negociación, pendente de modificar un par de artigos que xa quedaran un pouco desfasados. Agora os sindicatos terán que facer unha asemblea cos traballadores para expoñerlles o texto.

3) Situación do proxecto de bombeo da zona de Mión-Bergondiño.
Sra. alcaldesa: aínda non está redactado, pero agora que van saír varios Plans da Deputación pois veremos se podemos metelo nalgún.
Sr. voceiro do BNG: aínda que só son cinco veciños afectados, o tema é grave porque estamos a falar dun recurso básico. Os veciños pagaron no ano noventa e tantos, cincuenta e tres mil pesetas da conexión.

4) ¿Existe a intención por parte do goberno local, de desenvolver o proxecto da rotonda no Rio Maior, Lubre?.
Sra. alcaldesa: a intención é por parte da Deputación, nós requirímosllo e así se vai facer o proxecto da rotonda, ou da media luna, que era do que falabamos en todo momento e si se vai tramitar por parte da Deputación.

5) ¿Cal é a situación na que está a obra do FEIL na estrada CP 0811 en Armuño e o Espíritu Santo?
Sra. alcaldesa: se lle requiriu á empresa para que nun mes o subsanase, e en quince días debe telo feito.
Sr. voceiro do BNG: pagóuselle algo.
Sra. alcaldesa: si, ademais o FEIL obrigaba a pagar as certificacións ó mes. Nos queda o aval que é o que podemos executar e amañar.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vintedúas horas e dez minutos, remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, a secretaria accidental, dou fe.

A secretaria accidental

V. e Pr.:
A alcaldesa

Aurelia M.ª Basanta García

Alejandra Pérez Máquez